



Expediente 2020017862

Decreto da Concellería de Comercio

**Examinado o expediente de referencia tramitado no Negociado de Comercio, e vistos os informes obrantes no mesmo; esta Alcaldía no uso das súas competencias.**

**RESOLVE:**

**PRIMEIRO.**- Modificar o punto primeiro do Decreto numero 20200003174 de 2 de xullo de 2020, e establecer como nova redacción do mesmo a seguinte:

Que o horario de peche das terrazas e veladores en establecementos abertos ao público sexa o seguinte:

Temporada de Verán (1 de xuño a 31 de outubro)

Xoves, venres, sábados e vésperas de festivos: 2:30 horas.

Resto de días: 1:30 horas.

Temporada de inverno (1 de novembro ate 31 de maio)

Xoves, venres, sábados e vésperas de festivos: 1:30 horas.

Resto de días: 00:30 horas

A efectos aclaratorios, enténdese que as horas de peche especificadas para días concretos corresponden ás horas de madrugada que xa forman parte do día seguinte.

**SEGUNDO.**- Esta medida estará vixente ate o 1 de xaneiro de 2021.

Mándao e asíno o sr. Alcalde do Concello de Ourense, en Ourense, na data da sinatura electrónica,

